

lapis de cor



Lapis de cor é un espazo que alenta a creatividade, unha caixa de correos activa, un punto en que conflúen o xogo, a música, as letras e a arte, sempre con vontade participativa. En cada achega de Rede CER0)TR3S este Lapis de cor ficará aberto ás vosas colaboracións: recursos educativos, textos literarios, debuxos, cantigas, brinquedos, adiviñas..., todo aquilo que se desenvolve e realiza no día a día da Rede Galega de Escolas Infantís e que, da man de educadoras/es, nais, pais, nenos e nenas, conforma o latexo deste proxecto colectivo.

Para este número chéganos da Galescola da Rúa (Ourense) unha presada de xoguetes realizados con materiais de refugallo, concretamente restos de madeira mais tamén caixas de zapatos, cordas ou cremalleiras. Son materiais cotiáns que achan un uso creativo e educativo nesta proposta. Un deses xoguetes chámase *Ourizo cacho*. Consiste nunha peza de madeira furada en que se van introducindo pauciños pequenos até completar o lombo e as extremidades deste curioso e bicudo animal. Unha variación deste xoguete é *Chemineas*, que muda a disposición dos furados, desta vez en liña, e *Muíños*, que inclúe unhas pequenas aspas que o cativo pode facer rotar.

A madeira é protagonista de moitos dos brinquedos utilizados na Galescola da Rúa. Nun pau vertical, por exemplo, vanse insertando aros. Mudan o número de pivotes, o tamaño e o grosor.

Noutro caso utilízase un panel para ir encaixando nel figuras xeométricas, figuras en que as crianzas van recoñecendo diferentes formas do seu contorno, probando, experimentado...

Outra idea. Nunha caixa de zapatos furada, as pequenas e os pequenos van introducindo tapóns de cores. Cada tapón no oco da súa cor. "Sinxelo, barato e dá moito xogo", din os seus creadores, que tamén propoñen un simple e atraente dispositivo. Trátase dunha cremalleira pegada sobre un anaco de táboa. Tan doado e divertido como iso. Subir, baixar, abrir, cerrar...

Máis suxestións. "Para ensinar as nenas e nenos a se calzaren e descalzaren vímonos na obriga de cortar un pouco as patas dalgunhas cadeiras", cóntannos. "Os restos que ficaram son os tacos que utilizamos para facer o xogo". Cal é o xogo? Moi sinxeliño, un fío de coiro e tacos de madeira con buratos para os irmos ensartando, as

contas cúbicas dun colar tan longo como se quixer.

Todos os xogos son manipulativos, caseiros, de reciclaxe, baratos, duradeiros e con posibilidades de aumentar a súa complexidade. Alén diso, moitos son cooperativos xa que as nenas e os nenos poden traballar en parella ou trío. Ademais, a súa realización amplíase a toda a escola (non son exclusivos da mesa) e son válidos para case todas as idades, a partir da posición de sentado.

Que traballamos cos aparellos que achega a Galescola da Rúa a este *Lapis de cor*? Por suposto os ollos e as mans, mais tamén a procura independente de solución de problemas, o ensaio-erro, o aparato fonador (os muíños funcionan soprando), a cooperación, os preconceptos matemáticos, topolóxicos e xeométricos e o recoñecemento das cores. Destrezas e habilidades agochadas, sabémolo xa, nun anaco de madeira e nas mans dunha crianza.